



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FUNDACIÓN PARA EL FOMENTO DEL CONOCIMIENTO DE LA CONSTRUCCIÓN NAVAL Y DE LAS ACTIVIDADES MARÍTIMAS – EXPONAV, PARA O FOMENTO DA ACTIVIDADE MUSEÍSTICA.

En Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, Don Román Rodríguez González, que actúa en representación da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en virtude do seu cargo de conselleiro, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Doutra parte, D. _____ actuando no seu nome e en representación da “Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – EXPONAV”, co CIF G15944564,

Todas as partes recoñécense plena capacidade legal de sinatura de convenios e manifiestan que as súas facultades non sufriron modificación nin limitación ao respecto e, en consecuencia,

EXPOÑEN

PRIMEIRO: que a Xunta de Galicia asume a xestión das funcións sobre o patrimonio cultural en virtude do Real decreto 2434/82, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, de acordo co establecido no artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1.16 da Constitución Española, ámbito desenvolvido na Lei 5/2016 do 4 de maio de 2016, do patrimonio cultural de Galicia.

SEGUNDO: a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro dos ámbitos da súa competencia amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e a conservación do noso patrimonio cultural.

TERCEIRO.- A “Fundación para el Fomento del Conocimiento de la Construcción Naval y de las Actividades Marítimas – EXPONAV” (en adiante EXPONAV) é unha entidade sen ánimo de lucro constituída baixo a forma xurídica de fundación que ten a clasificación, declaración e inscrición no rexistro de Fundacións do Ministerio de Xustiza.



As actividades da Fundación resultan de beneficio para o desenvolvemento do sector, cun claro interese xeral para Galicia, xa que se trata dun proxecto singular co que se dinamizará a comarca e o sector a través do fomento e divulgación da actividade museística contribuíndo desta forma a un mellor coñecemento da industria da construción naval.

É por isto que as actuacións de EXPONAV enmárcanse no interese público, social e económico e, de acordo co disposto no artigo 19.4, no seu apartado c), da Lei de 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrência competitiva pola especificidade das características que debe cumprir a entidade destinataria da subvención, o que dificulta a súa convocatoria pública.

CUARTO.- Para que o proxecto obxecto deste convenio acade a maior repercusión posible e necesario e imprescindible o apoio institucional e económico das Administracións Públicas, de xeito que o seu desenvolvemento desemboque nun mellor coñecemento dos estaleiros galegos, da tecnoloxía, dos medios e dos barcos que se produciron e se producen en Galicia de xeito que repercuta de forma positiva un sector tan estratéxico como é o sector naval galego.

E, en virtude de todo o exposto, as partes, encóntranse interesadas en formalizar o presente Convenio, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións da colaboración entre o Xunta de Galicia a través da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e EXPONAV para o cofinanciamento da reparación das cubertas e lucernarios do Edificio de Herrerías.

SEGUNDA.- OBRIGAS DE EXPONAV

EXPONAV comprométese a realizar as obras do proxecto de reparación, por un importe de execución material de 288.655,46 euros, que serán cofinanciados pola Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e por fondos propios da Fundación. O principal obxectivo deste proxecto é por en valor esta sala de exposicións para incrementar o número de visitantes ás exposicións da industria naval que alí se conteñen, contribuíndo desta forma a mellorar o coñecemento por parte da poboación sobre a industria da construción naval.

A axuda prevista neste convenio, queda suxeita ao Regulamento (UE) Nº 1407/2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas de mínimos (DOUE do 24.12.2013, L352/1)



EXPONAV para acadar o obxectivo anteriormente descrito desenvolverá todas as actuacións necesarias entre as que se atopan:

- Cumprir coa normativa de protección do patrimonio cultural vixente e as indicacións efectuadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no exercicio das súas competencias en materia e protección do patrimonio cultural de Galicia, en especial as sinaladas na preceptiva autorización que a intervención sobre o ben protexido esixe.

Así mesmo, EXPONAV deberá cumprir coas seguintes obrigas:

- Destinar o importe do financiamento do presente convenio ao obxecto e finalidade que se contén no mesmo, no período comprendido entre a sinatura do convenio e o 30 de decembro de 2016.
- Comunicar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
- Facer constancia expresa da colaboración da Xunta de Galicia, incluíndo a imaxe corporativa institucional que esta lle facilite, en toda información e comunicación da actividade obxecto deste convenio.
- No caso de que se concerte con terceiros a execución total ou parcial da actividade obxecto deste convenio, estarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público. Asemade en todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (modificado pola Lei 12/2011, do 26 de decembro de medidas fiscais e administrativas). *Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no Real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo, salvo que polas especiais características do gasto, non exista no mercado suficiente número de entidades que o presten. A elección entre as ofertas presentadas, que haberán de achegarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente na memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa*
- Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concédente ou a entidade colaboradora, se é o caso, así como a calquera outra actuación, sexa de



comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores, de acordo co Artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e mais concretamente no seu apartado c).

- Acreditar ante o Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, con anterioridade á sinatura do presente convenio o seguinte:
 - Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributaria se coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma.
 - Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas nos puntos 2 e 3 do artigo 10º da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Estar exento do Imposto do Valor Engadido (IVE).
 - Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
 - Cumprir coas obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.
 - Deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa

TERCEIRA.- OBRIGAS DA XUNTA

A Xunta de Galicia, a través da consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, cofinanciará o importe do proxecto de rehabilitación cunha axuda de TRINTA MIL SEISCENTOS EUROS (30.600 €) IVE incluído con cargo a aplicación orzamentaria 10.21.433A.781.4.

CUARTA.- OBRIGAS DA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

3.1. Autorización si procede dos proxectos de obra e sinalización e identificación do inmovible e sala de exposicións, nos termos previstos na normativa vixente en materia de protección do patrimonio cultural.



3.2. Cooperación e dilixencia na resolución dos proxectos que se sometan a súa aprobación.

3.3. Asesoramento, supervisión técnica e establecemento de criterios para o deseño e execución dos traballos e obras a realizar, para a súa mellor adecuación aos valores culturais do inmovible e ao uso museístico.

3.4 De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN

A subcontratación dos servizos necesarios para acometer as actividades a desenvolver ao abeiro do presente convenio poderá acadar ata o 100 % das mesmas, e realizarase de acordo aos límites e obrigas establecidos no artigo 27º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

De conformidade co apartado 3 do artigo 27º da Lei 9/2007, de 13 de xuño, cando a actividade concertada exceda do 20 % do importe da subvención e o dito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación deberá cumprir os requisitos seguintes:

- Que o contrato se celebre por escrito.
- Que a celebración do mesmo se autorice previamente pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

SEXTA.- INCOMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade



subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtivo sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN

O pagamento das obrigas do Xunta de Galicia a EXPONAV farase efectivo contra a presentación da correspondente documentación emitida por dita fundación, na que se xustifique debidamente a realización das certificacións de obra, conformadas pola dirección facultativa ata acadar, cando menos o importe da cantidade confinaciada pola Xunta. A documentación indicada deberá axustarse ao establecido no artigo 28.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A data límite para a presentación da correspondente documentación xustificativa da realización das actividades do presente convenio será o 15 de decembro de 2016. Admitiranse aqueles gastos realizados entre o 1 de xaneiro e o 15 de decembro de 2016.

A conta xustificativa conterá, a seguinte documentación (orixinal ou copia compulsada):

1. Certificación ou certificacións, asinadas pola dirección facultativa e aprobadas por EXPONAV, na que conste un importe igual ou superior a contía cofinanciada pola Xunta.
2. Memoria Económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, que conterá:
 - a) A totalidade dos gastos que financia a obra completa, distinguindo as orixes de financiamento.
 - b) A certificación final de obra ou acta de recepción das obras realizadas.
 - c) As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.

As facturas deben conter suficiente información de detalle, que permita relacionala co gasto xustificado.. As facturas xustificativas de gastos terán que incluír a seguinte información:

- Data de emisión da factura
- Número da factura
- Razón social e NIF do emisor e da entidade beneficiaria
- Descrición dos bens ou gastos incorridos na factura
- Detalle do IVE ou do IRPF no seu caso, etc.

No caso de licitar un procedemento de contratación que teña que tramitar a Fundación como poder adxudicador, copia de toda a documentación que



forma o expediente de contratación da execución das obras o servizo (anuncio, pregos de cláusulas administrativas e a adxudicación do contrato).

d) Orixinal ou copia compulsada da documentación bancaria dos pagamentos (excepción feita daqueles documentos dos que a empresa non custodia orixinais –cheques–). Presentarase adxunto a cada documento de gasto o seu correspondente documento de pagamento e o extracto bancario onde figure o cargo correspondente.

No caso de que exista un mesmo documento de pagamento para varios documentos de gasto, deberase fotocopiar o documento de pagamento tantas veces como documentos de gasto aos que faga referencia, e achegarse a cada un dos documentos de gasto unha copia do devandito documento de pagamento.

Non se admiten os pagamentos en efectivo, agás para a compra de pequeno material, sempre coa acreditación da factura e/ou recibín, e sempre que non se superen os 300 euros. Neste caso deberase remitir un recibín selado polo proveedor especificando, nome completo da persoa que asina, DNI e o número de factura e a data na cal o pagamento fíxose efectivo.

Os xustificantes bancarios de pagamento deben coincidir exactamente co importe da factura, IVE incluído. No caso de que o importe reflectido no documento bancario non coincida co importe do documento de gasto (pagamento agrupado), deberase remitir un desglose dos pagamentos efectuados xunto cos documentos de gasto, onde se poida identificar o gasto en cuestión.

3. Xustificante das axudas obtidas ou declaración das solicitadas ou que se prevé obter para o mesmo investimento en calquera outra administración, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.
4. Certificados acreditativos de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

En relación coas axudas de mínimos, cumprimentarase unha declaración sobre:

- Calquera outra axuda de mínimos recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso suxeitas ao presente Regulamento de minimís (artigo 3.1)
- Declaración de (ademáis das axudas de mínimos) doutras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.



A contía total das axudas de mínimos concedidas a unha empresa non poderá exceder de 200.000 € nun período de tres exercicios fiscais. Este umbral aplicarase independentemente da forma da axuda ou do obxectivo perseguido.

As axudas de mínimos non se acumularán con ningunha axuda estatal correspondente aos mesmos gastos subvencionables se dita acumulación da lugar a unha intensidade de axuda superior á establecida para as circunstancias concretas de cada caso pola normativa comunitaria.

A Xunta resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa, en relación coa xustificación do cumprimento do obxecto do convenio.

OITAVA.- PAGAMENTO

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os servizos técnicos da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actuacións subvencionadas.

A subvención minorarase proporcionalmente se a suma dos gastos xustificadas polo beneficiario é inferior ao orzamento previsto inicialmente de 30.600 €, sempre que estea garantida a consecución do obxecto de dita subvención.

Tras a firma do presente convenio, de acordo co artigo 63.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para o caso de subvencións de capital, unha vez asinado o convenio, realizarase un primeiro pagamento por importe de QUINCE MIL EUROS (15.000,00 €), e un segundo pagamento polo importe restante, e dicir, QUINCE MIL SEISCENTOS EUROS (15.600,00 €), unha vez xustificada a realización das actuacións descritas na cláusula primeira, na forma e cos requisitos previstos na cláusula sétima.

O beneficiario queda eximido da constitución da garantía polo pagamento anticipado.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio crearase unha Comisión Mixta de Seguimento e Control, que estará composta por dous representantes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, designados pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, e por dous representantes que determine EXPONAV.

As funcións desta comisión serán as de coordinación e control do grao de realización do convenio, e ambas as dúas partes asinantes comprométense a resolver de maneira



amigable calquera desacordo que poda xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión Mixta de Seguimento e Control. No seu caso, a Xunta ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución, nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencional, como é a potestade de reintegro, todo iso sen prexuízo da posibilidade de recurso contencioso administrativo.-

DECIMA.- RELACIÓN LABORAL COA XUNTA

A subscrición do presente convenio non leva aparelada relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a Xunta de Galicia, de maneira que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

UNDÉCIMA.- VIXENCIA.

O presente convenio producirá efectos dende o día seguinte á súa sinatura, e a súa vixencia estenderase ata o 31 de decembro de 2016. Non obstante, poderanse admitir os gastos incorridos por EXPONAV para levar a cabo o obxecto deste convenio dende o 1 de xaneiro de 2016.

DUODÉCIMA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos xuros de demora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento da obriga da xustificación do investimento realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no mesmo.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.

DECIMO TERCEIRA.- NATUREZA E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

O presente convenio ten carácter administrativo. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.



DÉCIMO CUARTA RÉXIME XURÍDICO

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do Sector Público, en virtude do establecido no seu artigo 4.1, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

O presente convenio rexerase polas súas propias cláusulas en aplicación do disposto para esta materia na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo

Tendo lido o presente convenio e, en proba de conformidade asínase por todas as partes, por duplicado exemplar, no lugar e data ao principio indicados.

Pola Consellería de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

Pola “Fundación para el Fomento del
Conocimiento de la Construcción Naval y
de las Actividades Marítimas – EXPONAV”